

facendo igualdade

Contidos de sensibilización en materia de igualdade laboral elaborados pola Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e dirixidos a todas as empresas galegas.

Medidas de igualdade para todas as empresas



SABÍAS QUE...?

Todas as empresas, independentemente do seu tamaño, están obrigadas a aplicar medidas de igualdade na súa xestión.

POR QUE ISTO É ASÍ?

Porque todas as empresas teñen que ser espazos libres de discriminacións por razón de sexo e promover a igualdade entre mulleres e homes.

E QUE MEDIDAS SE TEÑEN QUE IMPULSAR?

Ten en conta que é necesario que todas as organizacións...

1. Sexan espazos libres de violencia contra as mulleres. Para iso é obrigatorio que teñan deseñado e implantado o seu protocolo de actuación contra o acoso sexual e por razón de sexo.
2. Protexan a saúde das mulleres tendo en conta os seus riscos específicos, ademais dos asociados ao embarazo e á lactación.
3. Prohiban calquera tipo de discriminación por razón de sexo. Terá que impulsar políticas laborais que o garanta. Por exemplo, en materia de selección, contratación, promoción interna e acceso á formación de todo o cadro de persoal.
4. Garantan a igualdade na percepción das retribucións entre mulleres e homes. As empresas están na obriga de levar un rexistro coas medias e medianas das retribucións das persoas traballadoras, tanto en salario base como en complementos salariais e extrasalariais.



Estas medidas deben estar negociadas coa representación legal das persoas traballadoras.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



igualdadegalia



igualdadegalia



igualdadegal

AS EMPRESAS PEQUENAS TEÑEN QUE TER UN PLAN DE IGUALDADE?

As empresas **por debaixo de 50 persoas** traballadoras, non. Salvo que algún convenio colectivo o recolla ou a autoridade laboral o estableza.



ADEMAIS...

As empresas poden voluntariamente impulsar plans de igualdade aínda que non teñan a obriga legal de facelo.

E LEMBRA...

Todos os plans de igualdade teñen que realizarse con base na lexislación básica en materia de igualdade laboral. O tamaño é un factor non relevante se existe a decisión ou a obriga de facer o plan.



E MÁIS!!!

Desde a Dirección Xeral de Relacións Laborais temos ao dispor das empresas materiais que lles axudan a elaborar os seus protocolos de actuación como a **Guía de consulta Plans de Igualdade, Preguntas e respostas e a Guía para elaboración do plan de Igualdade na empresa** que podes descargar na sección de Recursos da nosa páxina web. Tamén ofrecemos formación ao respecto a través do Campus en liña.

Onde podo aprender máis sobre igualdade na empresa?



igualdadelaboral.gal



igualdade-laboral.gal



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE



[igualdadegalia](https://www.facebook.com/igualdadegalia)



[igualdadegalia](https://www.instagram.com/igualdadegalia)



[igualdadegal](https://twitter.com/igualdadegal)